

PROXECTO:



6º DE EDUCACION INFANTIL

CEIP FELICIANO BARRERA

XUSTIFICACIÓN

Este proxecto xurdiu a partir dun macro proxecto plantexado pola biblioteca do centro para levar a cabo por tódolos niveis do centro: "As idades da historia". Cada nivel ao principio do curso elixiu unha época da historia, e a nosa aula elixiu a prehistoria, centrando o noso proxecto desde a aparición dos homínidos ata o home de cromañón. *A idea de estudar a prehistoria, xurde do interese do alumnado de Educación Infantil no tema das épocas antigas e as súas civilizacións, e todo aquilo que fomente a súa curiosidade e lles resulte interesante.*

Este proxecto está situado na área de coñecemento do contorno e interacción co mundo, concretamente no bloque de cultura e vida en sociedade. Ademais, e seguindo o principio de globalización, traballáronse contidos das demais áreas.

Por outra banda, esta área tal e como cita o propio currículo de infantil na comunidade de Galicia, recolle os contidos que potencian o desenvolvemento do pensamento lóxico a través dos cales a nena e o neno intentan interpretar e comprender o mundo, favorecendo as nocións de tempo, espazo, causalidade, cuantificación e a resolución de problemas que se presentan na súa vida cotiá.

Este proxecto foi dirixido a 12 nenos de 6º de Educación Infantil, comezando despois do Entroido, no mes de febreiro, e rematando a finais de maio.

O profesorado implicado foi:

- Titora de 6º de Educación infantil: Cristina Iturrioz Muñoz
- Coordinadora da biblioteca: Alba Amoedo Amoedo
- Equipo de Tics.

CONTIDOS E COMPETENCIAS BÁSICAS

Os obxectivos traballados durante o proxecto fan referencia ás tres áreas:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación.

Ademais a LOE establece oito CCBB que orientarán e impregnarán o currículo de Educación Infantil. Os contidos traballados neste proxecto contribuíron ao seu desenvolvemento. Son as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal

	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	C8
Coñecemento de outra época da historia: a prehistoria		*	*		*	*		
Toma de conciencia do paso do tempo	*	*	*	*	*	*	*	
Coñecemento e valoración da vida e costumes da prehistoria; características físicas, caza, pesca, alimentación, vestuario, ritos...	*		*	*	*	*	*	
Valoración das diferentes vivendas empregadas na prehistoria, así como as súas características	*	*	*			*	*	

Familiarización cos animais prehistóricos, características e a súa evolución.	*	*	*				*	
Coñecemento dos principais inventos da época e a súa repercusión na vida das persoas: o lume, as ferramentas, útiles de caza e de pesca, agullas, ...	*	*	*		*	*	*	
Familiarización e uso do vocabulario aprendido	*	*	*	*	*	*	*	*
Familiarización e respecto cara a outras formas de vida e costumes.	*		*	*	*	*	*	
Investigación sobre aspectos do proxectos usando diferentes medios, tales como: contos, internet, debuxos, enciclopedias, películas... tanto no cole como na casa.	*		*	*	*	*	*	*
Valoración e crítica das pinturas rupestres, esculturas e arquitectura prehistóricas.	*		*	*	*	*	*	*
Coñecemento do significado das obras de arte para a xente da época.	*		*	*	*	*	*	
Coñecemento das distintas técnicas empregadas coas pinturas rupestres	*		*			*	*	
Emprego do material de refugallo como medio de expresión.			*		*	*	*	*
Uso do canón da aula para visualizar películas, documentais, sobre os diferentes homínidos, as pinturas rupestres a arte funeraria...			*	*		*	*	
Respecto ante modos de vida distintos aos nosos.	*		*		*	*	*	
Uso do diferentes linguaxes como medio de expresión e comunicación.	*					*	*	*
Investigación e análise da profesión de xeólogo, arqueólogo e paleoantropólogo: instrumentos de traballo.	*	*	*	*	*	*	*	*
Representacións mediante o xogo simbólico da vida na prehistoria.	*		*		*	*		*
Interese por participar nas diferentes danzas e cancións que fan referencia á prehistoria.						*	*	*
Gusto e interese polas actividades de expresión artística e musical.						*	*	*
Interese polo traballo en equipo.	*				*		*	*
O uso da voz e o canto como medios de expresión, de emocións e sentimentos.	*					*	*	*

PUNTO DE PARTIDA DO NOSO PROXECTO, E ACTIVIDADES MÁIS RELEVANTES

Como o proxecto xurdiu da biblioteca e non dos nenos, ideei a maneira de motivalos de cara a dito proxecto. Faleilles do proxecto das idades da historia, de que tódolos nenos do cole o levarían a cabo, e de que nós participaríamos coa prehistoria. Pero para isto necesitabamos un punto de partida que sería a creación do planeta. Vimos o primeiro capítulo da serie “Érase unha vez o home” e quedaron encantados e con ganas de saber máis e máis. Neste intre iniciouse o noso proxecto.

Como en todo proxecto, o primeiro que nos ocupou foi preguntarnos: “Que sabemos?” Fun recollendo todo o que os nenos me contaban.

No segundo paso pregunteilles: “Que queremos saber?” Aquí saíron moitas cousas relacionadas coa prehistoria. Este tema chámalles moito a atención aos nenos destas idades polos contos, dinosauros, películas, ...

E por último: “Onde buscamos?”. Contestaron: “na casa, contos, libros, biblioteca, internet, ...”

O segundo paso foi poñer en práctica as diferentes fontes de información citadas por eles.

Mandamos unha nota ás familias, informando do noso proxecto e demandando a súa axuda na procura de información. Pola nosa parte pregunteilles que podíamos facer no cole e todos coincidiron en que o mellor sería ir á biblioteca.

Alí pasamos varias sesións buscando nos contos que atopamos sobre a prehistoria. Os nenos comezaron a facer preguntas. Nótase neles soltura na procura da información debido a que xa están familiarizados coa dinámica dos proxectos. Este é o segundo do curso. No primeiro trimestre levamos a cabo o proxecto “O noso corpo”, que resultou tamén moi interesante.

Viron o vídeo por internet da odisea da especie: o Australopithecus

<https://www.youtube.com/watch?v=d6E3lwbZfxk>

Pero o que máis lles impactou foi coñecer a historia de Lucy

https://www.youtube.com/watch?v=w_vvGfsz60s

Lembráronse dela durante todo o proxecto. Foi unha historia moi tenra e despertou neles as ganas de coñecer máis sobre a prehistoria.

Das casas mandaron unha chea de contos. Teño que resaltar que nas entrevistas feitas coas familias ao



finalizar o primeiro trimestre, recomendei pedirlle aos Reis Magos un conto da prehistoria, porque xa estaba previsto traballala a partir do segundo trimestre. A resposta das familias foi moi boa. Contos, películas de “Érase unha vez o home”, pasatempos, información e fotos de internet, ...

Ademais, da biblioteca collemos contos e un tomo dunha enciclopedia onde viñan moitas fotos de pinturas rupestres.

O punto de partida foi a creación do planeta, da vida, dos primeiros anfibios da evolución aos dinosauros, da súa extinción e, por fin, da aparición dos primeiros homínidos.

Os xoves era o noso día da posta en común de todo o aprendido durante a semana. Todos aportaban algunha cousa. E máis tarde distribuíamos o traballo: uns debuxaban, outros escribían e así, entre todos, facíamos o que ao final do proxecto se convertería no conto do noso proxecto.



Esta maneira de traballar promove o traballo cooperativo, melloras relacións entre tódolos membros do grupo e tamén coa titora. Traballamos todos na procura dun fin común: o noso proxecto .

Ao mesmo tempo, fomos ambientando a nosa aula: fixemos unha cova e un gran mural con tódolos nenos traballando nas labores propias da prehistoria.



É importante resaltar ata que punto os nenos implicáronse no proxecto. Cando chegou o momento de preparar a aula e buscarlle sitio á cova, os nenos renunciaron ao seu recuncho simbólico (cociña, mesa, cadeiras, cacharos de cociña, berce ...), dicindo que na prehistoria non había nada diso. Só quedaron cos bonecos e por iso quixeron facer o lume, cando coñeceron como o homo erectus dominouno e sóbo crealo, e máis tarde fixeron lanzas. Tamén me pediron que sacase dos xoguetes da cociña unhas follas de leituga que lles servía para curar aos feridos con plantas medicinais.

A medida que avanzaba o proxecto os seus xogos ían cambiando e evolucionando como o facían os homínidos. Cando chegou o home de cromañón idearon un valo para poder domesticar aos animais. Tamén nalgunha ocasión pillelles facendo que cultivaban alimentos, que elaboraban pinturas mesturando sangue de animais, carbón, terra e plantas machucadas...

Tivemos moita sorte de poder ver unha exposición sobre "A idade de xeo e os primeiros homínidos" no IFEVI de Vigo. Aos nenos serviulles moito como punto de partida do proxecto. Ademais fixéronse unha foto con Lucy que lles encantou.



Ao longo do proxecto coñecemos as características dos diferentes homínidos e a súa conquista do planeta. Comezamos co Australopithecus e como eles cambiaron a súa maneira de desprazarse utilizando por primeira vez os pés e deixando de utilizar as súas mans para facelo.



Despois chegou o homo hábilis e a súa habilidade para crear ferramentas. Aos nenos encantáballes afiar pedras chocando unha cotra outra.

Como o homo erectus dominou o lume e soubo crealo, nós tamén fixemos un lume para a nosa cova.



Ao longo do proxecto coñecemos aos diferentes animais da prehistoria e como facían os homes para cazalos.



Nós tamén fixemos lanzas para defendernos dos animais que axexaban a nosa cova.



Eles trouxeron de casa animais como osos, mamut, leóns, e deixáronos na cova durante o tempo que durou o proxecto. Así, cando xogaban saían a cazar e recreaban o apreso: utilizaban as lanzas, cazaban en grupo, curaban ao ferido...

Logo chegaron os neanderthales, que eran grandes cazadores en grupo. Neste punto do proxecto tamén fixemos unha pequena reflexión sobre como o traballo en grupo, colaborando, axudando aos demais e participando entre todos na procura dun fin común, é moi bo e te fai sentir mellor.

Na semana do libro, a biblioteca do centro propuxo unha serie de actividades relacionadas cos proxectos traballados nas diferentes aulas. Fixeron un concurso no que había que debuxar algo relacionado con noso proxecto e Leire gañou un premio con este debuxo titulado “A caza do mamut”.



E por fin chegaron os cromañóns que nos ensinaron tanto: a domesticar os animais, a cultivar os alimentos, ... Esta parte do proxecto foi moi interesante porque grazas a ela coñecemos moitas palabras que están no seu vocabulario diario pero non coñecían a súa orixe: domesticación, cultivar, nómade, sedentario, vasillas, agullas, xoias, pinturas rupestres...

Os nenos e nenas, nesta parte traballaron moito co barro e crearon agullas, anzois, xoias, ...



A parte onde traballamos as pinturas rupestres foi moi interesante. Aprenderon como o home de Cromañón tiña a intelixencia precisa para falar, crear proxectos e simbolizar. Grazas a isto aprenderon como facían pinturas con sangue de animais, carbón, terra e plantas machucadas e comezaron a pintar animais, escenas de caza, diferentes símbolos e mans en positivo e en negativo.

Falamos e coñecemos a cova de Altamira e, grazas a internet, vimos unha película sobre ela.

<https://www.youtube.com/watch?v=O1CvFTD0IBw>.



Case ao final do proxecto, os nenos e nenas desenterraron os ósos dun humano, como fan os paleoantropólogos, e aprenderon o que quería dicir esa palabra. Utilizaron pinzas para non tocar e pinceis para limpar a area dos ósos. Foi unha actividade moi divertida.



No Entroido, e grazas á axuda das familias, disfrazámonos de cavernícolas.



E para rematar este proxecto, e como coñecemos aos animais que se extinguiron durante a prehistoria, tamén quixemos coñecer os que agora están en perigo de extinción e traballámoslos a través do cordón, area e pintura.



Durante todo o tempo que durou o proxecto tivemos unha mesa dobre dedicada aos contos relacionados coa prehistoria. Os nenos pasaron moitos intre, vendo, lendo, consultando datos e recoñecendo cousas apesadas.

Tamén iamos á biblioteca tres veces á semana, para ver como consultar revistas, enciclopedias...

Utilizamos da biblioteca un mapamundi para ver onde xurdiron os primeiros homínidos e como se foron estendendo até conquistar o mundo. Esta actividade que durou varios días foi moi significativa xa que se interesaron moito por atopar no mapamundi os continentes, países onde residía algún parente...

E ademais utilizamos os computadores da biblioteca para buscar documentación a preto do proxecto. Colocábanse por parellas e como sabían escribir eran capaces de facelo sós.

RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS

Dende a biblioteca e a través das familias, puidemos contar con moitos libros de consulta e contos. Estes foron os máis utilizados polos nenos:

- Mi mundo. ¿cómo éramos en la prehistoria? Editorial SM
- En tiempos de los hombres de Cro-magnon
- Érase una vez el hombre, volúmenes 1,2,3, CD 1,2,3, editorial Planeta Dagostini
- La máquina del tiempo: la prehistoria
- Vivan los dinosaurios Editorial SM
- Mundo maravilloso editorial SM
- En la edad de piedra
- Juego y aprendo con la prehistoria
- Enciclopedia Larousse: la prehistoria
- Película los crood
- Enciclopedia: tesoros artísticos del mundo: la prehistoria, tomo 1

En internet consultamos moitas páxinas para buscar información e imaxes. Ademais atopamos documentais e películas infantís. Estas son algunhas:

- <https://www.youtube.com/watch?v=d6E3lwbZfxk>
- <https://www.youtube.com/watch?v=mQrOLGoll2c>
- <https://www.youtube.com/watch?v=cAHJC73vazw>
- <https://www.youtube.com/watch?v=OLN6hPLTEPQ>
- <https://www.youtube.com/watch?v=mxxcnHqSbpg>
- <https://www.youtube.com/watch?v=4TqdMEo4vXU&index=6&list=PLjCTi1Z7cKe51ibB4lCuQf8lc6rYKluLh>
- <https://www.youtube.com/watch?v=lo4FvEKgpc0>
- <https://www.youtube.com/watch?v=rMzSbY57W24>
- <https://www.youtube.com/watch?v=KYzY5O1CQYU>

Tamén aprendemos moitas cancións:

https://www.youtube.com/watch?v=3vyVy_35n7U&index=4&list=PLjCTi1Z7cKe51ibB4lCuQf8lc6rYKluLh

- <https://www.youtube.com/watch?v=t5W3k0FMwsY>

- <https://www.youtube.com/watch?v=yozYUBjirZE>

- <https://www.youtube.com/watch?v=XgnzgzfPiCw>

Nos diferentes blogues consultados tamén había moita información e cousas interesantes:

- http://lavanadenuestraclase.blogspot.com.es/2015_05_01_archive.html

- <https://nuestroblogde5primaria.wordpress.com/conecemento-do-medio/tema-14-a-prehistoria/>

- http://mariloyusunenes.blogspot.com.es/p/blog-page_1.html

- <http://elrinconcitodeinfantil67.blogspot.com.es/2013/11/la-prehistoria.html>

Ademais atopamos tamén algúns xogos educativos:

- <https://pdirecursos.wordpress.com/conocimiento-del-medio-2/prehistoria/>

- <http://cossioinfantilrecursos.blogspot.com.es/2013/10/la-prehistoria.html>

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO PROXECTO

A implicación da comunidade educativa foi moi importante para o noso proxecto.

A pesar de ser un proxecto levado a cabo por unha soa aula, deuse a coñecer a todo o centro. Os mestres mostráronse moi interesados polo traballo que estabamos a facer na aula e, ao longo do desenvolvemento do proxecto, en varias ocasións viñeron mestres e alumnos doutros cursos de infantil e primaria a ver a nosa aula e as cousiñas que estabamos a facer sobre a prehistoria.

A coordinadora do equipo de biblioteca estivo en todo momento pendente de facilitarnos calquera tipo de material que nos fixera falta: contos, libros documentais, revistas con artigos que facían referencia ao tema, ... Ademais, no blogue de Leo León (blogue de biblioteca) colgaron un enlace ao noso proxecto. Así toda a comunidade educativa tiña acceso directo a este.

O equipo de biblioteca durante todo o curso estivo moi activo propoñendo actividades que puidemos relacionar e enlazar co noso proxecto como foron as propostas para a semana da prensa, para a semana do libro, ... De entre tódalas actividades propostas pola biblioteca, a máis importante para os nenos foi a exposición do noso proxecto na biblioteca tendo como público ao alumnado e profesorado de todo o colexio. Para eles, preparar esta exposición foi unha motivación extraordinaria. Todos querían facelo ben, explicar o que sabían, practicar, ... traballaron moitísimo e os resultados foron moi satisfactorios para os nenos e para todo o público. Encantoulles recibir as felicitacións dos compañeiros e dos mestres polo ben que o fixeran.

Por outra banda, o blogue de infantil estivo moi activo durante todo o curso. Nel pódese ver todo o proxecto e as actividades máis relevantes do curso. Tódolos problemas xurdidos ao longo do curso relacionados coas novas tecnoloxías foron resoltos satisfactoriamente polo equipo de TICs.

A participación das familias tamén foi moi boa. A maioría das familias aportaron material ao principio do proxecto: contos, documentación de internet, obxectos relacionados co proxecto, ... ademais de facer os disfraces de Entroido, axudar aos nenos na casa para preparar a exposición, ...

		X	X				X	
Familiarízase co vocabulario específico do proxecto.	X		X		X	X		
Participar en actividades colectivas aceptando as normas que as rexen.	X				X	X	X	X
Valora diferentes formas de vida e costumes.	X		X		X		X	
Participación activa nos proxectos propostos na aula	X	X	X	X	X	X	X	X
Propoñer e resolver problemas sinxelos da vida cotiá	X	X	X				X	X
Recoñecer os paso previos para realizar unha investigación dun feito	X	X	X				X	X
Expresarse e comunicarse, utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.	X				X	X	X	X
Desenrola unha actitude crítica ante as obras de arte.	X					X	X	X
Respecta a quenda de fala dos seus compañeiros.	X				X		X	X
Participa animadamente nas actividades grupais.	X				X		X	X
Usa as T.I.C.s na procura de información sobre a unidade			X	X			X	X
Facer uso da biblioteca e valorala como fonte de información e pracer					X		X	X
Identifica as diferenzas máis sobresaíntes entre a nosa vida e a vida na prehistoria.	X		X		X		X	X
Coñece o traballo e a repercusión na nosa sociedade dos xeólogos, dos paleontólogos e paleoantropólogos	X		X		X	X	X	X

Con relación á CCBB, pódese afirmar que os traballos realizados nas aulas a través dos proxectos contribúen ao desenvolvemento integral dos nenos. Vólvense participativos, curiosos, traballadores, gústanlles moito as actividades en grupo. É a maneira ideal de presentarlles calquera realidade :

- Competencia en comunicación lingüística: día a día foi mellorando fomentando a participación, a expresión tanto de feitos como de sentimentos, emocións, ... Tamén se favoreceu a formulación de hipóteses e a busca de respostas en diferentes fenómenos.

- Competencia matemática: esta mellorouse empregando o razoamento lóxico para resolver situacións da vida cotiá que o requiran, traballando conceptos temporais como antes - despois, diante - detrás, ...

- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico: mellorouse a través do pensamento científico e potenciando e desenrolando actividades de investigación, formulando hipóteses, verificando, predicindo, ... coñecendo a vida dos animais prehistóricos

- Tratamento da información e competencia dixital: o traballo de recompilación de datos sobre o proxecto máis os vídeos e os xogos didácticos, contribuíron a mellorar esta competencia.

- Competencia social e cidadá: esta competencia traballouse dende o punto de vista da convivencia, da comunicación, é dicir, dende o punto de vista das habilidades sociais e coñecendo a vida de persoas que viviron noutras épocas da historia.

- Competencia cultural e cidadá: esta favoreceuse traballando diferentes manifestacións culturais, pinturas rupestres, escultura, arquitectura funeraria, ...

- Competencia para aprender a aprender: traballouse mediante actividades que favoreceron a atención, memoria, observación, motivación, traballo cooperativo, recompilación de información mediante recursos tecnolóxicos...

- Autonomía e iniciativa persoal: esta competencia traballouse a través da mellora da creatividade, a confianza, a responsabilidade e sentido crítico, ... todos puntos moi importantes no traballo por proxectos.

FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA

Como xa quedou patente noutros puntos do proxecto, o papel da biblioteca no desenvolvemento do proxecto foi moi importante.

Realmente a idea do proxecto xorde da proposta do equipo de biblioteca de facer un proxecto a nivel de centro no que cada aula traballase unha idade da historia. Nese momento tivemos a oportunidade de escoller a prehistoria, que tanto lle interesa ao alumnado destas idades

O equipo de biblioteca apoiou en todo momento o noso proxecto, adquirindo novos fondos relacionados co tema e seleccionando fondos relacionados que nos puidesen ser útiles na nosa investigación (libros de consulta, cómics, revistas, ...).

Os cativos adquiriron o hábito das visitas á biblioteca. Para eles, a investigación na biblioteca, converteuse en parte das súas rutinas. Unha anécdota da biblioteca é que, a pesar do cariño que lle teñen a Leo León (a mascota da biblioteca), metéronse tanto no seu papel de cavernícolas, que incluso querían cazalo.



Por unha parte, fixéronse na biblioteca unha serie de actividades programadas desde a aula, como a lectura dun conto semanal, a elección do conto do fin de semana, a busca da información do proxecto, ... Por outra banda, participamos en tódalas actividades programadas polo equipo de biblioteca, que foron moitas. Un bo número destas actividades da biblioteca tiñan unha relación directa co proxecto do centro "As idades da historia", por iso para nós estaban directamente relacionadas coa prehistoria. Así, na biblioteca fixemos a exposición do noso proxecto, asistimos como público ás exposicións das outras aulas, pola semana do libro participamos no concurso que para nós

foi de debuxos da prehistoria, visitamos a exposición de minerais, fixemos a nosa parte do “Libro dos dinosauros”, fixemos unha páxina da historia xigante na que os protagonistas eran cavernícolas, ...

Ao longo de todo o curso, a biblioteca foi o punto de reunión de todo o centro, a sala de exposicións, o salón de actos, a sala de cine, o centro de investigacións, a aula de informática, ... Temos a sorte de que é un espazo versátil que se converteu no centro neuráxico de todo o que pasa no centro. O alumnado relaciona a biblioteca cos libros, coa literatura, coa información, ... pero tamén cos ordenadores, cos concertos, cos contacontos, ... e con calquera celebración ou evento que se celebre no centro.